

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2017

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de agosto deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa en funcións, D.^a ANA PRIETO NIETO, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, don Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 26 de xullo de 2017.

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Primavera, número 17; para a implantación do uso de garaxe privado para unha praza de aparcadoiro no local 2 de planta baixa do edificio con licenza 1632/05, sito na rúa Pintor López Guntín, número 29; para a reforma de escaleira de local comercial número 4, para venda de prendas de vestir, sito na planta baixa do edificio da rúa do Progreso, números 37-41; e para parcelamento do terreo sito no Cabalo-Taboelle, parroquia de Orbazai.

Tamén se acorda a excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habitabilidade en Galicia, para as actuacións de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Montirón, número 132, e instalación de ascensor, rehabilitación e ampliación dunha planta e baixo cuberta en edificación de 10 vivendas, na rúa San Roque, número 193.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar inicialmente o "Proxecto de estatutos e bases de actuación para os efectos de constituír a xunta de compensación da Unidade de Intervención número 6 (UI-6) do Plan Especial de Reforma Interior 5-3.

3. PERSOAL.- Acórdase autorizar ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios para realizar servizos extraordinarios os días de partido do Club Deportivo Lugo no mes de agosto de 2017.



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoxg34

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2017

En relación coa comisión de servizos con carácter voluntario dun funcionario municipal acórdase solicitar novos informes aclaratorios.

ÁREA DE GOBERNO DE EDUCACIÓN E INFRAESTRUTURAS URBANAS

4. EDUCACIÓN.- Acórdase aprobar as bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2017-2018.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase adjudicar a contratación do servizo de vixilancia nos centros de convivencia municipais do Concello de Lugo. Expdte.: 6-2016.

Tamén se acorda solicitarlles aos servizos técnicos e xurídicos competentes a emisión dos informes que deberán integrar, de ser o caso, o expediente de declaración de prohibición para contratar á mercantil Alcor Seguridad, S. A., por causa de resolución firme dos contratos de servizo de seguridade privada no Fogar do Transeúnte e do servizo de seguridade privada no Cei-Nodus-Espazo Lab por incumprimento culpable do contratista.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.